

De conformidade co disposto no artigo 12 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en relación co establecido nos artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005 do 29 de julio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, pónse en coñecemento dos contribuíntes afectados, que o prazo de ingreso en período voluntario do Padrón fiscal correspondentes ao exercicio do 2009, (FEIRA) será o comprendido entre o 24 de novembro de 2009 e o 25 de xaneiro de 2010, ambos inclusive, no horario de caixa de cada entidade bancaria colaboradora.

Os tributos deberán satisfacerse a través das entidades colaboradoras, Caixa Galicia ou Caixanova, empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que recibirá o contribuínte por correo ordinario no domicilio declarado. Os contribuíntes que a 28 de decembro de 2009 non tivesen recibido nos seus domicilios os instrumentos de ingreso disporán de prazo ata o 25 de xaneiro de 2010 para os solicitar na oficina de Recadación Municipal do Concello de Redondela e efectuar así o pagamento, posto que a non recepción non exonera da obriga de pagamento e non impide a utilización da vía de constrinximento.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, da Lei Xeral Tributaria.

Finalizado o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento e producirán as recargas do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, as custas que se produzan (artigo 161 da Lei Xeral Tributaria).

Redondela, a 10 novembro de 2009.—O Alcalde, Xaime Rei Barreiro. 2009012700

ANUNCIO

Aprobado por Resolución da Alcaldía do día 9 novembro de 2009 os Padróns Fiscais correspondente ao exercicio 2009 (Ocupación subsolo, Reserva vía pública (taxis), Recollida do lixo e Entrada automóbiles), estará a disposición do público no Servizo de Xestión Tributaria deste Concello, durante un prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da publicación do mesmo no BOP (Boletín Oficial da Provincia), podendo as persoas interesadas examinalo e presentar recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo dun mes a contar desde a finalización do período de exposición pública dos Padróns.

De conformidade co disposto no artigo 12 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en relación co establecido nos artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005 do 29 de julio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, pónse en coñecemento dos contribuíntes afectados, que o prazo de ingreso en período voluntario dos Padróns fiscais correspondentes ao exercicio do 2009 (Ocupación subsolo, Reserva vía pública (taxis), Recollida do Lixo e Entrada automóbiles) será o comprendido entre o 24 de novembro de 2009 e o 25 de xaneiro de 2010, ambos inclusive, no horario de caixa de cada entidade bancaria colaboradora.

Os tributos deberán ser aboados a través das entidades colaboradoras, Caixa Galicia e Caixanova, empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que recibirá o contribuínte por correo ordinario no domicilio declarado. Os contribuíntes que a 28 de decembro de 2009 non tivesen recibido nos seus domicilios esta documentación disporán de prazo ata o 25 de xaneiro de 2010 para os solicitar na oficina de Recadación Municipal do Concello de Redondela e efectuar así o pagamento, posto que a non recepción non exonera da obriga de pagamento e non impide a utilización da vía de constrinximento.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, da Lei Xeral Tributaria.

Finalizado o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento

e producirán as recargas do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, as custas que se produzan (artigo 161 da Lei Xeral Tributaria).

Redondela, a 9 novembro de 2009.—O Alcalde, Xaime Rei Barreiro. 2009012701

* * *

RIBADUMIA

ANUNCIO

Resultando aprobado definitivamente o Regulamento de uso do Campo de fútbol Municipal de "A Senra", aprobado polo Pleno Municipal en sesión de 3 de setembro de 2009, ó non terse presentado ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública (B.O.P. nº 180 de 17/09/09), faise público o texto íntegro da mesma que é do seguinte teor literal:

"REGULAMENTO PARA O USO DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE "A SENRA"

ARTIGO 1.—OBJECTO

O obxecto deste regulamento é a ordenación da utilización do campo de fútbol municipal de "A Senra", ubicado na parroquia de Ribadumia e institucionalizar o dereito de uso preferente que sobre esta instalación terá o Clube de Fútbol de Ribadumia, así como establecer as condicións concretas desta preferencia.

ARTIGO 2.—NATUREZA XURÍDICA DO CAMPO MUNICIPAL "A SENRA"

O campo de fútbol "A Senra" a que se refire o presente regulamento é un ben de dominio público e figura inscrito con tal no Inventario de Bens do Concello.

ARTIGO 3.—DESTINO

Como norma xeral, o campo de fútbol municipal de A Senra destinarase á práctica do fútbol, sen perxuízo de utilizalo ocasionalmente para a realización doutras manifestacións deportivas ou doutra índole de interese para a cidadanía e non supoñan perxuízo irreparable para o estado do campo de xogo.

ARTIGO 4.—PRIORIDADE NO USO DA INSTALACIÓN

Terá a prioridade no uso da instalación o Club Deportivo Ribadumia, tanto para os seus adestramentos como para a organización de partidos de competición oficial ou de carácter amigable.

O segundo lugar no orde de prioridade o terán aqueles clubs ou asociacións deportivas ubicadas no Concello de Ribadumia, que soliciten o uso da instalación.

Estas prioridades en todo caso estarán suxeitas ó sometemento á aquelas circunstancias extraordinarias que a Xunta de Goberno do Concello de Ribadumia estime de interese xeral.

A denegación da autorización de uso da instalación deberá ser debidamente motivada.

ARTIGO 5.—XESTIÓN DO CAMPO EN CASO DE COINCIDENCIA DE EVENTOS DE INTERESE XERAL.—

A autorización do uso do campo, deberase ter en conta o informe do encargado das instalacións, acerca do estado das mesmas.

En caso de desacordo, crearase unha comisión, para a cal terá potestade de convocatoria tanto o Alcalde/sa como o Presidente do C. D. Ribadumia. A Comisión estará composta polo Alcalde/sa, un concelleiro de cada grupo político, mais o presidente do C.D. Ribadumia, onde todos terán voz e voto, prevalecendo, en caso de empate, o voto do Alcalde/sa ou concelleiro en quen delegue; esta comisión será a encargada de determinar os eventos que terán a consideración de interese xeral para poder utilizar o campo de fútbol.

O Club Deportivo Ribadumia queda comprometido a comunicar ó Concello o horario no que utilizará o campo para os entrenamentos, partidos oficiais, etc, a fin de que o Concello

teña coñecemento do mesmo para distribuír os horarios de uso fora dos mesmos que competen ó Clube Deportivo Ribadumia.

O Concello debe avisar con tempo suficiente ó Club Deportivo Ribadumia para eventos de carácter xeral, para unha planificación axeitada para ambas partes.

ARTIGO 6.—COMPETENCIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Serán competencias do Pleno da Corporación:

- a) Aproba-lo presente regulamento.
- b) Aprobar as sancións por uso indebido do campo, previo informe da Comisión de Deportes.

ARTIGO 7.—COMPETENCIAS DA COMISIÓN DE DEPORTES

Serán competencias da Comisión de Deportes:

- a) Interpretar o articulado deste regulamento en caso de discrepancias.
- b) Definir que eventos son de interese xeral para autorizar a utilización do Campo de Fútbol.
- c) A decisión sobre convenios que poidan xurdir coas distintas asociacións e entidades deportivas que mostren interese no uso regular das instalacións, a excepción do Clube Ribadumia, posto que con este queda institucionalizado o seu dereito de uso preferente.
- d) A aprobación de directrices para a correcta utilización do campo.
- e) A resolución final en caso de desacordo entre a Alcaldía ou Concelleiro de Deportes e o Clube RIBADUMIA.

ARTIGO 8.—COMPETENCIAS DA ALCALDÍA

(O Alcalde/esa poderá delegar as competencias expostas no presente regulamento, en parte o una súa totalidade, no concelleiro delegado da área de deportes).

Serán competencia de este:

- a) A execución de tódolos acordos plasmados no presente regulamento de uso do campo de fútbol "A Senra", así como os tomados no mesmo senso pola Comisión de Deportes.
- b) A elaboración dos informes que lle solicite a Comisión mencionada no artigo 5 ou o Pleno da Corporación.
- c) A resolución final, por delegación da Alcaldía, sobre os pedimentos de autorización de uso da instalación.
- d) A busca de instalacións deportivas alternativas en caso de necesidade.
- e) Autorizar a distribución horaria para a utilización do campo de fútbol.

ARTIGO 9.—FUNCIONS DO ENCARGADO DE MANTEMENTO DA INSTALACIÓN

O encargado de mantemento da instalación terá as seguintes funcións:

- a) Custodiar a instalación, as súas dependencias e demais elementos integrados nas mesmas.
- b) Abrir e pechar a instalación, aí como mante-la orde durante a celebración dos eventos realizados.
- c) Realizar labores de mantemento, conservacións e vixilancia das instalacións, así como reparar pequenos desperfectos ou avarías que se rexistren.
- d) Manter actualizado o inventario de mobles, materiais e equipamentos da instalación.
- e) Facer respectar o horario e normas de utilización da instalación de acordo coas directrices e criterios establecidos pola Comisión de Deportes e as instrucións transmitidas pola Alcaldía ou Concelleiro Delegado de deportes.
- f) Resolver as incidencias que se produzan na preparación ou desenvolvemento das actividades do campo de fútbol municipal A Senra.

g) Facer cumprir as ordes e instrucións que lle dean o Concelleiro Delegado de Deportes e a Alcaldía, no ámbito das súas funcións.

h) Comunicarlle ó concelleiro as incidencias que se rexistren, os danos que se produzan ou as infraccións que se cometan na instalación, na maior brevidade posible.

ARTIGO 10.—DEREITOS DE USO

Todos os cidadáns teñen dereito ó acceso e uso do campo de fútbol de A Bouza en condicións de igualdade, sen perxuízo da preferencia que ten o Clube Ribadumia, en primeiro lugar, e o resto de clubs e asociacións deportivas do municipio, en segundo lugar, con subxección ós principios democráticos de convivencia.

ARTIGO 11.—OBRIGAS DO CONCELLO

Como instalación municipal que é, o Concello de Ribadumia ten a obriga de realizar o adecuado mantemento do céspede e das instalacións do Campo "A Senra", garantindo a súa conservación en óptimas condicións para o seu uso.

O Concello de Ribadumia encargárase polo tanto da limpeza das instalacións, de costear a enerxía eléctrica e outros gastos que leve consigo a utilización do campo, así como da realización daquelas reparacións ou tarefas de mantemento que sexan necesarias para a boa conservación das instalacións e terreo de xogo.

ARTIGO 12.—OBRIGAS E RESPONSABILIDADES DOS USUARIOS

- a) Os usuarios teñen a obriga inescusable de colaborar no mantemento das debidas condicións de limpeza e hixiene das instalacións, e deben respectar as normas sobre o uso axeitado do equipamento e da moblaxe da instalación.
- b) As avarías, danos ou perdas que se orixinen no material ou nas instalacións como consecuencia dunha utilización impropia ou negligente darán lugar a responsabilidades por parte do seu autor/es, ou do responsable ou titor, que lles serán esixidas polo Concello de conformidade co que dispón o ordenamento xurídico. Todo isto sin perxuízo da sanción administrativa que proceda.

ARTIGO 13.—DEREITOS SOBRE PUBLICIDADE ESTÁTICA E SOBRE EXPLOTACIÓN DA CANTINA

O Concello de Ribadumia cede a favor do Clube RIBADUMIA a explotación dos dereitos de cobro por colocación de publicidade estática nas instalacións do Campo "A Senra", así como a xestión do local destinado a cantina.

ARTIGO 14.—TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES

A tramitación das solicitudes de autorización, que será de carácter obrigatorio, será a seguinte:

- a) Deberase presentar a solicitude.
- b) En períodos nos que as competicións de carácter oficial estean rematadas o Concello poderán destinar un maior número de horas a actividade que considere de interese xeral para a cidadanía.
- c) O Campo de fútbol municipal de A Senra poderá ser solicitado por clubs ou asociacións deportivas cubrindo o impreso de solicitude e acompañado dunha memoria razoada da súa petición, estimando a petición segundo o seu interese social e dispoñibilidade de horarios.

Na solicitude constarán o nome ou razón social do clube ou asociación deportiva, nome e apelidos do representante/s, enderezo postal, e teléfono de contacto, e ingresos das taxas correspondentes aprobadas polo Concello.

- d) Así mesmo, terán preferencia de uso todos aqueles programas de promoción deportiva dependentes da Consellería de deportes.

ARTIGO 15.—ANULACIÓN DE RESERVA DE USO

- a) O usuario que estea autorizado para a utilización do campo de fútbol municipal A Senra e, por causa xustificada, non vaia facer uso da mesma, deberá advertilo ó encargado da instalación.